



.....

Foro "Pensar o mundo dende Galicia"

A información no mundo da posverdade

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Xoves, 9 de marzo de 2023

40 anos coa cultura galega



Dende 1983 ata hoxe o Consello da Cultura Galega leva corenta anos promovendo o debate, a pescuda e a creación arredor de diversos eidos do saber, mais tamén sobre cuestións que atinxen aos problemas e inquedanzas da sociedade galega no pasado, no presente e no futuro. Froito diso foi un amplo elenco de congresos, debates, xornadas, publicacións e informes. Recollendo o legado do feito na súa historia, mais con proxección cara ao futuro, o Consello da Cultura Galega propón un foro de reflexión arredor de cuestións candentes no mundo actual, estruturado en oito xornadas con periodicidade mensual (de marzo a novembro de 2023) nas que se abordarán temáticas moi presentes nas actividades da institución, como a posverdade na información, a economía da cultura, os desafíos para o humanismo das novas tecnoloxías, a calidade da democracia, os retos presentes e futuros do feminismo, o papel do galego nunha sociedade multicultural, a sustentabilidade da economía global e o papel do patrimonio e da paisaxe. Máis de corenta personalidades do mundo cultural, científico e académico galego, ibérico e mundial daranse cita en Santiago de Compostela para reflexionar, debater e profundar na interpretación dos desafíos desta terceira década do século XXI, con vontade interdisciplinaria e dialogante. Dende Galicia, recollendo a tradición iniciada hai máis dun século pola Xeración Nós e polo Seminario de Estudos Galegos, aspiramos a repensar o mundo e a sermos unha célula de universalidade.

A información no mundo da posverdade

A primeira das xornadas do foro, que será coordinada polo catedrático de Xornalismo Xosé López García, abordará a cuestión da información no mundo da posverdade. O seu obxectivo é reflexionar arredor do ecosistema comunicativo actual, o papel da información e as distorsións que provoca a desinformación. Iso implica definir o ecosistema comunicativo, cos seus principais actores, e analizar as diferentes dimensións que introduce a posverdade como porta á reflexión da época actual. A partir do debuxo e análise dese panorama, poñeranse sobre a mesa algunhas das principais investigacións realizadas nos últimos anos sobre estas cuestións, así como as diferentes accións que se propoñen para combater a desinformación.

Programa

Sesión da mañá

10:00 horas
Inauguración

10:30 horas
O ecosistema comunicativo actual e a desinformación
Emili Prado Pico, catedrático de Comunicación Audiovisual na Universitat Autònoma de Barcelona

12:00 horas
Descanso

12:30 horas
A posverdade como porta á reflexión da época
Remedios Zafra Alcaraz, científica titular no Instituto de Filosofía do CSIC

14:00 horas
Fin da sesión da mañá

Sesión da tarde

17:00 horas
Mesa de debate
A loita en contra da desinformación. Achegas de proxectos en execución

Modera: **Xosé López García**, catedrático de Xornalismo na USC e coordinador da xornada

Clara González Tosat, doutora en Comunicación pola Universidad de Navarra e xestora do proxecto IBERIFIER

María Isabel Míguez González, profesora titular da Universidade de Vigo

Carlos Elías Pérez, catedrático de Periodismo na Universidad Carlos III de Madrid

Xosé Rúas Araújo, profesor titular da Universidade de Vigo

19:30 horas
Peche da xornada

Organiza

Consello da Cultura Galega

Coordina

Xosé López García

Lugar

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscrición

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

